



Revista Galega de Economía

ISSN: 1132-2799

mcarmen.guisan@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela  
España

Schincariol, Vitor Eduardo

A recuperación da economía arxentina nos anos 2000

Revista Galega de Economía, vol. 22, núm. 2, diciembre, 2013, pp. 167-192

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39129564008>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica

Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal

Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

## A RECUPERACIÓN DA ECONOMÍA ARXENTINA NOS ANOS 2000

VITOR EDUARDO SCHINCARIOL  
Universidade Federal do ABC (UFABC)

RECIBIDO: 6 de febreiro de 2012 / ACEPTADO: 31 de xullo de 2012

---

**Resumo:** Utilizando o método histórico-descriptivo, este texto analiza o criterio das políticas económicas adoptadas por Arxentina, así como o comportamento da economía ao longo dos anos 2000, en especial entre os anos 2003 e 2011. Arguméntase que a política económica conseguiu incrementar o volume de emprego, aínda que se aliaron diversos elementos que explican o crecemento obtido, tales como a alta capacidade instalada previamente na industria, a desvalorización cambiaria e o aumento da demanda internacional por "commodities". Conclúese que as políticas adoptadas tiveron éxito na recuperación do volume de emprego, aínda que a economía presenta debilidades que poden dificultar a obtención dunha traxectoria similar no futuro, en particular polo que se refire á dependencia do comercio exterior.

**Palabras clave:** Economía arxentina / Historia económica arxentina / Política económica / América Latina.

### *Argentina's Economic Recovery During the 2000's*

**Abstract:** This work aims to describe the economic policies adopted by Argentinian government during the 2000s, particularly between 2003 and 2011, as well as to describe the performance of the economy, through a method of historical description. The text argues that economic policies were successful to foster employment, but that they were helped by previous low utilization of existing industrial capacity, low exchange rates and increasing demand for commodities. It concludes that implemented policies were adequate but that structural deficiencies may prevent future growth, specially Argentina's heavy dependence on foreign trade.

**Keywords:** Argentinean economy / Argentinean history / Economic policy / América Latina.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Este traballo pretende caracterizar os principais aspectos das políticas económicas adoptadas en Arxentina desde a elección de Néstor Kirchner no ano 2003 ata este momento (2012), así como o desempeño global da economía arxentina no mesmo período. O interese polo caso arxentino radica no feito de que a experiencia da administración económica arxentina durante o período 2003-2012 foi unha alternativa especialmente importante ás políticas de corte ortodoxo adoptadas anteriormente na área latinoamericana.

Os resultados macroeconómicos obtidos desde o ano 2003 en Arxentina destácanse como particularmente positivos desde o punto de vista do volume de emprego e da recuperación da capacidade fiscal do Estado. Aínda que, como se argumentará, estes resultados non dependeron só das políticas domésticas, o caso arxentino resulta pedagóxico no escenario latinoamericano, xa que outras nacións da rexión (Brasil, Uruguai, Ecuador ou Venezuela, entre outros) tamén finalizaron

os anos noventa do pasado século con situacións económicas críticas nos aspectos social e económico. Unha comparación da historia económica recente entre Arxentina e outros países da rexión proporcionaría resultados potencialmente ricos nun escenario onde existe a necesidade de construír un *saber facer* común a estes países, dadas as súas similares dificultades. O estudo do comportamento económico arxentino constitúe, polo tanto, un paso nesta dirección.

Así, este traballo pretende: 1) caracterizar as liñas xerais das políticas económicas adoptadas en Arxentina entre o ano 2003 e o momento actual (2011); e 2) describir os determinantes macroeconómicos da recuperación da economía arxentina no mesmo período. O enfoque realízase a partir dunha metodoloxía histórico-descriptiva, baixo perspectivas estruturalistas, utilizando datos das contas nacionais arxentinas. Estes datos foron proporcionados polo Ministerio de Economía de Arxentina, polo Banco Central de la República Argentina e por outras institucións oficiais. Ocasionalmente, utilizáronse regresores lineais para inferencias adicionais. Arguméntase que a combinación de políticas expansivas, de corte heterodoxo, cun escenario anterior cun alto desemprego e cunha contorna internacional favorable, foron os elementos responsables dunha evolución superior da economía dos anos noventa do s. XX.

O traballo estrutúrase da seguinte maneira. Ademais desta introdución, na sección 2 descríbese o perfil das políticas adoptadas, mentres que na sección 3 se realiza unha análise empírica da evolución da economía. Na sección 4 preséntanse as conclusións.

## 2. ASPECTOS DA POLÍTICA ECONÓMICA, 2003-2011

Néstor Kirchner foi elixido no ano 2003 sen un grande apoio popular (cun 22% dos votos). Cando tivo lugar a súa elección, xa non era posible prolongar o tipo de políticas anteriores. O novo presidente e a súa base de apoio tiñan outro perfil político distinto en comparación cos administradores que lle precederon. En certa forma, ocuparon un “baleiro” de poder debido ás sucesivas renuncias dos presidentes anteriores nun curto período de tempo. Kirchner buscaba rescatar no terreo económico unha perspectiva máis heterodoxa e desenvolvista, suavizada localmente polo peronismo “nacionalista”. Subliñou a importancia da participación do Estado na xestión macroeconómica. Defendía os servizos públicos arxentinos, en contraposición á tendencia privatizadora dos anos anteriores. A súa énfase no “nacional” difería dos anteriores discursos dos dirixentes desde a última ditadura militar arxentina do ano 1976, que favoreceran a internacionalización da economía e dos sectores agroexportadores, con perdas para o sector industrial.

Arxentina enfrontábase a unha difícil situación internacional no ano 2003. Despois do *default* do ano 2001, reducíronse os investimentos directos e os préstamos internacionais ao país, producíndose sucesivos resultados negativos na conta de capitais. No ano 2001 obtívose un valor negativo na conta de capitais de 5,1 billóns de dólares; do mesmo modo, os resultados negativos foron de 11 bi-

llóns no ano 2002, obténdose de novo resultados negativos de 3 billóns no ano 2003 debido á redución dos fluxos de investimentos directos. Os resultados seguiron sendo baixos ao longo da década –a media de captación de recursos foi de 12 billóns nos dez anos anteriores ao ano 2001–. Estes valores foron parcialmente compensados pola redución do pagamento de xuros, que pasaron de 12 billóns no ano 2001 a 10 billóns de dólares no ano 2002, e despois a 9, 6 e a 5 billóns, respectivamente, nos seguintes tres anos.

Elemento fundamental da política adoptada foi a produtiva negociación da débeda externa cos seus acredores, que aliviou a restrición externa ao crecemento e ás propias finanzas públicas. Néstor Kirchner destacaríase como un hábil negociador, pero firme á hora de defender os intereses do Estado argentino. Coas exportacións pasando de 29 billóns no ano 2001 a 40 billóns no ano 2005, fíxose posible unha negociación dos pasivos. No ano 2005, o Goberno retomou o proceso de regularización da débeda soberana, débeda da cal aproximadamente un 40% correspondía aos propios investidores argentinos. Nunha negociación ben cimentada, Néstor Kirchner e os seus asesores lograron obter dos acredores un refinanciamiento de aproximadamente un 77% da débeda ata aquela en mora, no que se chamou o *troco da débeda*. Conseguiu un importante desconto de cara aos títulos, menores xuros e que unha parte do pagamento se lle asignara ao futuro crecemento do produto<sup>1</sup>. A economía respondeu á diminución da restrición aos gastos do Goberno e ás exportacións, que recuperaron o alento, mesmo ante a interrupción dos fluxos de recursos dos mercados internacionais.

O Goberno argentino buscou manter un tipo de cambio administrado mediante as intervencións do Banco Central no mercado cambiario para apoiar a desvalorización real do peso, coa finalidade de manter as subas repentinas con fins comerciais. Isto era necesario porque Arxentina pasou a presentar taxas de inflación máis altas que as de Brasil, o que fixo aumentar o valor real do peso. O salario mínimo argentino pasou de 200 a 500 pesos no ano 2003. O Goberno nacionalizou de novo o sistema de pensións, que ata aquela funcionara baixo a xestión das Administradoras de Fondos de Jubilaciones y Pensiones. Isto permitiu que aumentara o número de beneficiarios, mediante a redución das contribucións esixidas. E producíronse incrementos sucesivos nos “dereitos de retención” das exportacións, que no caso da soia chegou a alcanzar el 35%, mediante a Lei 25.561 e o Decreto 509/2007, e as súas sucesivas modificacións<sup>2</sup>.

---

1 No comunicado de prensa do Goberno infórmanse os valores: “*La República Argentina anunció en la fecha [18/03/05] los resultados finales de su oferta global (incluyendo su oferta simultánea en Japón, la “oferta”) para canjear ciertos instrumentos de deuda pública cuyos pagos se encuentran diferidos (los “títulos elegibles”) con un monto elegible agregado (que representa el valor nominal e intereses vencidos e impagos como se describe en los documentos de la oferta de la República Argentina) de aproximadamente U\$ 81.800 millones. [...] Los títulos elegibles ofrecidos y aceptados para canje representaron un monto elegible equivalente a aproximadamente a U\$S 62,3 mil millones*”. <[http://www.mecon.gov.ar/finanzas/sfinan/documentos/comunicado\\_18\\_marzo\\_castellano.pdf](http://www.mecon.gov.ar/finanzas/sfinan/documentos/comunicado_18_marzo_castellano.pdf)>.

2 Para unha análise dos tributos argentinos, véxase a sección V.2 do documento oficial *Tributos vigentes en la Republica Argentina a nivel nacional*. <[http://www.mecon.gov.ar/sip/dniaf/tributos\\_vigentes.pdf](http://www.mecon.gov.ar/sip/dniaf/tributos_vigentes.pdf)>.

Cun desemprego que pasou do 16% ao 7% entre os anos 2003 e 2007, o gremio Frente para la Victoria, liderado por Cristina Fernández de Kirchner, ganou as eleccións nacionais do ano 2007 cun 45% dos votos. Unha das medidas iniciais da Administración de Cristina Kirchner foi suxerir unha modificación no réxime de retencións ás exportacións de soia, millo e trigo, en consonancia coa defensa dun “crecemento cara dentro”. Fíxose unha proposta para flexibilizar as cantidades cobradas de acordo co prezo dos produtos vendidos, subindo os impostos en tempos de altos prezos e baixándoos nas conxunturas de baixos prezos. No ano 2008, a soia alcanzou o nivel nominal máis alto xamais rexistrado, con 500 dólares por tonelada, aumentando tamén o prezo doutros grans. China convertérase na segunda economía máis importante en termos de comercio con Arxentina. As vendas crecían e o Goberno declaraba que temía un desabastecemento local, o que levou a unha suba de prezos.

A proposta, que debía ser aprobada polo Congreso Nacional para entrar en vigor, plasouse na Resolución 125 do Ministerio de Economía. Por esa Resolución, os valores serían modificados, sendo flexibilizados en función da cotización. O Goberno declarou que o seu obxectivo era estabilizar as exportacións e manter as subministracións internas, evitando prezos maiores para os alimentos básicos, ademais de aumentar o imposto propiamente dito, en función do momento máis favorable, con fins redistributivos. Como resultado dun maior prazo, pretendíase manter a oferta doméstica e modificar os prezos destinados a canalizar os investimentos noutras áreas, evitando a especialización regresiva en produtos primarios<sup>3</sup>.

Os impostos non terían un valor fixo, como ata entón (ata ese momento chegaron a aproximarse ao 35%) (Basualdo, 2008). Coa nova Resolución, nun orzamento de 20 dólares por tonelada, o imposto reduciríase a un 20%. Superando os 500 pesos, elevaríase a un 49%, realizándose a tributación mediante a aplicación da fórmula:

$$d = VB + AM (FOB - VC) \times 100 \div FOB$$

onde  $d$  é a alícuota do imposto de exportación (porcentaxe das “retencións”);  $VB$  é o valor básico cobrado polo Goberno para os prezos por tonelada, de acordo cos valores establecidos na táboa 1;  $AM$  é a alícuota marxinal cobrada para os prezos por tonelada, de acordo cos valores establecidos na táboa 1;  $VC$  é o valor de corte;

---

3 A Resolución 125 afirmaba: “Visto que los precios internacionales de cereales y oleaginosas han registrado un significativo aumento en los últimos años, con una elevada volatilidad de sus tasas de variación interanual; que la persistencia de un escenario semejante podría repercutir negativamente sobre el conjunto de la economía a través de mayores precios internos, menor equidad distributiva y una creciente incertidumbre en lo que respecta a las decisiones de inversión del sector agropecuario; que la modificación propuesta del esquema de derechos de exportación aplicables a un subconjunto clave de cereales y oleaginosas constituye una herramienta apropiada para solucionar los problemas previamente mencionados”. <http://www.infoleg.gov.ar/infolegInternet/anexos/135000139999/138567/textact.htm/>.

*FOB* é o prezo da tonelada do gran en dólares. A táboa 1 dos mencionados valores para o caso da soia (outros grans terían outros valores similares) sería a seguinte:

**Táboa 1.-** Valores para o caso da soia

Prezos FOB (US\$/tn)		VB (US\$)	AM (%)	VC (US\$)
Máis de	A			
0	200	0	20	0
200	300	40	32	200
300	400	72	48	300
400	600	120	79	400
600	En adiante	278	95	600

FONTE: Ministerio de Economía y Finanzas Públicas de Argentina.

En caso de que o valor da soia alcanzara os 201 dólares por tonelada, os dereitos de exportación recadados polo imposto total suporían o 20%, de acordo coa fórmula adoptada. O valor incrementaríase ata o 29% se a tonelada de soia alcanzara, por exemplo, os 399 dólares. E esta porcentaxe aumentaría ata o 70% se o custo fora de 600 dólares. Os impostos calcularíanse mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$d = VB + AM (FOB - VC) \times 100 \div FOB$$

onde *d* é a alícuota do imposto á exportación (porcentaxe de “retencións”); *VB* é o valor básico cobrado polo Goberno aos prezos por tonelada, de acordo cos valores establecidos na táboa 2; *AM* é a taxa marxinal cobrada polos prezos por tonelada, de acordo cos valores establecidos na táboa 2; *VC* é o valor de corte; e *FOB* é o prezo da tonelada de gran en dólares. A táboa 2 mostra os ditos valores para o caso da soia (outros grans terían valores similares).

**Táboa 2.-** Valores para o caso da soia

Prezos FOB (US\$/t)	VB (US\$)	AM (%)	VC (US\$)
0-200	0	20	0
200-300	40	32	200
300-400	72	48	300
400-600	120	79	400
Más de 600	278	95	600

FONTE: Ministerio de Economía y Finanzas Públicas de Argentina.

Deste modo, no momento en que se debatía a Resolución a nova norma implicaría un aumento de aproximadamente un 4% das retencións, dado o prezo de 500 dólares a mediados do ano 2008 para a tonelada de soia, sendo o imposto vi-xente nese momento dun 35%. A nova “retención” chegaría daquela a un 39% pa-

ra a soia, segundo a táboa 2<sup>4</sup>. Non obstante, mesmo cobrando menos cando os prezos eran baixos, tal e como sinalaba a nova Resolución, os produtores rurais, co apoio implícito das empresas exportadoras internacionais, iniciaron unha serie de actividades para desestabilizar o Goberno, pois consideraban que esa Lei representaba unha confiscación<sup>5</sup>. Contra a Lei produciuse un movemento de resistencia dos exportadores para defender ese 4% adicional e tamén, por suposto, para evitar ter que pagar maiores impostos no futuro, producíndose manifestacións e folgas contra o Goberno. Finalmente, a votación para aprobar a Resolución no Congreso perdeuse por un só voto, xusto o do vicepresidente da nación, Julio Cobos, que acababa de pasarse á oposición.

O Goberno arxentino, con todo, continuou aproveitándose dun peso máis desvalorizado, realizando máis exportacións a China e a Brasil, e aumentando os investimentos internos, que incrementaron a capacidade fiscal do Estado. O Banco Central interveu en varias ocasións no mercado cambiario para manter os diferenciais das taxas de cambio entre o dólar e o peso. Buscábase ampliar os investimentos en ciencia: o CONICET (Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas) contratou máis investigadores e o Goberno creou un Ministerio de Ciencia y Tecnología, que mostra a importancia da internalización de tecnoloxías e coñecemento. Ademais, nacionalizáronse as Aerolíneas Argentinas e a fábrica de avións de Córdoba, vendidas ambas as dúas baixo o Goberno de Menem, e discutíuse sobre a renacionalización da empresa YPF (Yacimientos Petrolíferos Federales).

O Goberno de Cristina tamén tratou de distribuír a renda mediante políticas públicas. Neste sentido, cómpre mencionar a creación da chamada *asignación universal por fillo*, que consistía nunha “prestación monetaria non retributiva de carácter mensual” para os fillos de familias cuxo cabeza de familia estivese desempregado, empregado eventualmente ou nunha situación precaria onde a súa renda total non chegara ao salario mínimo (Decreto 1602/2009). O valor da asignación estableceuse en 270 pesos mensuais por cada fillo, e en 1.080 \$ no caso de fillos con discapacidades especiais. O 20% do valor total da asignación recibíase unha vez ao ano, se se cumprían os requisitos de escolaridade e os controis sanitarios sinalados no decreto. No ano 2011, este programa estendeuse tamén ás mulleres embarazadas con máis de tres meses de xestación

---

4 Para os valores relativos aos outros grans, véxase o texto íntegro da Resolución no enderezo oficial anteriormente citado.

5 Segundo Basualdo (2008): “En estas circunstancias, se inicia en marzo de 2008 la confrontación analizada, que indica la intención del agro pampeano de terciar en la disputa por la distribución del ingreso y, al mismo tiempo, subordinar a los asalariados y a la producción industrial a su propio proceso de acumulación de capital. En efecto, no se trata de una reacción sectorial ante un impuesto confiscatorio, ya que, como fue señalado, el nuevo régimen de retenciones le reconocía a los productores un incremento del 45% en su rentabilidad, sino de incrementar sus beneficios y ocupar el centro de la escena política y económica definiendo un patrón de acumulación de capital en donde tanto los asalariados como la producción industrial operen de allí en más en función de sus propios requerimientos de expansión”.



nas mesmas condicións socioeconómicas descritas. Segundo o Goberno, o obxectivo era aliviar esta situación, sobre todo no gran Bos Aires e no norte do país, onde a pobreza aumentara moito nos últimos anos do neoliberalismo e da crise<sup>6</sup>.

Por último, o aumento das reservas permitiulle ao Goberno de Cristina Kirchner anticipar pagamentos e, tal e como se pregoaba, diminuír o cálculo dos xuros da débeda pública<sup>7</sup>. Ao mesmo tempo, o seu Goberno puxo en marcha unha serie de programas específicos cuxo obxectivo era estimular a actividade das pequenas empresas, a actividade económica no norte do país e a das empresas que exportan por primeira vez<sup>8</sup>. Tamén se pon en marcha un plan de investimento público nas infraestruturas, fixando como obxectivo, segundo o discurso oficial, a reindustrialización do país e o desenvolvemento económico con inclusión social.

Este marco suxire que o abano de medidas económicas se dirixiu a posicionamentos de tipo “cepalino-estruturalista”, de perfil heterodoxo. Segundo o discurso do Goberno, buscábase un perfil de políticas de tipo nacional coa adopción de criterios de interese estratéxico. En particular, as *Aerolíneas* foron para a compañía española *Iberia*, tamén baixo o mandato do presidente Menem, baixo sospeita de irregularidades. Mesmo cunha certa confianza inocente no empresario local, o Goberno de Cristina desexaba certo consenso na construción do que Kirchner chamaba “capitalismo serio”, tratando de aparecer ante o público como un Goberno que recuperaba o nacionalismo perdido nos anos do liberalismo.

Na seguinte sección abórdase o desenvolvemento da economía argentina á luz deste novo panorama de comportamento das políticas oficiais adoptadas, así como da mellora das condicións do comercio exterior e da balanza de pagamentos, mediante unha metodoloxía histórico-descriptiva dos principais agregados.

---

6 O artigo quinto do Decreto 1602/2009 sinalaba: “*Artículo 5º. La asignación universal por hijo para protección social consistirá en una prestación monetaria no retributiva de carácter mensual, que se abonará a uno solo de los padres, tutor, curador o pariente por consanguinidad hasta el tercer grado, por cada menor de DIECIOCHO (18) años que se encuentre a su cargo o sin límite de edad cuando se trate de un discapacitado; en ambos casos, siempre que no estuviere empleado, emancipado o percibiendo alguna de las prestaciones previstas en la Ley Nº 24.714, modificatorias y complementarias. Esta prestación se abonará por cada menor acreditado por el grupo familiar hasta un máximo acumulable al importe equivalente a CINCO (5) menores*”. Véxase a información lexislativa do Ministerio de Economía en <<http://www.infoleg.gov.ar/>>.

7 Ao comentar o escenario de decadencia de finais da década de 2000, José Natanson sinalaba o seguinte nun editorial da versión arxentina de *Le Monde Diplomatique*, en xaneiro de 2012 (p. 02): “*Argentina no está al margen de la crisis, cuyas repercusiones se sentirán por el achique del comercio global, el menor crecimiento de China (segundo socio comercial de nuestro país) y de Brasil (que no creció en el tercer trimestre de 2011 y se espera que apenas lo haga durante este año), junto a una bajada de los precios de las materias primas. Aunque las variables macroeconómicas se encuentran bajo control, algunas de ellas están lejos de las marcas de opulencia que habían registrado en el pasado*”.

8 Véxase unha relación dos programas da segunda Administración de Cristina Kirchner (a partir do ano 2011) en <<http://www.casarsada.gov.ar/sitios-de-gobierno/planes-de-gobierno/>>.



### 3. COMPORTAMENTO ECONÓMICO

#### 3.1. PRODUTO E EMPREGO

Entre os anos 2001 e 2011, Arxentina avanzou catro posicións no Índice de Desenvolvemento Humano da Organización das Nacións Unidas, situándose na 45ª posición; porén, mantíñase cun índice de Gini alto, cun valor de 50<sup>9</sup> aproximadamente. O desemprego (*desocupación*), que afectaba ao 20,4% da poboación economicamente activa non ano 2003, diminuíu en conxunto nos 28 aglomerados urbanos do país ao longo da década de 2000<sup>10</sup>. Segundo o Instituto Nacional de Estadísticas y Censos (INDEC), no ano 2004 o desemprego caeu ata o 14,4%, a finais de 2005 diminuíu ata o 10%, a finais de 2007 representaba o 7,5% e a finais de 2008 situouse nun 7,3%. Como resultado do contexto recesivo da economía mundial, e tamén da recesión brasileira neste momento de finais da década de 2000, o desemprego incrementouse un punto entre finais do ano 2008 e mediados de 2009, chegando ao 8,3%. Ao longo do ano 2010 volveu caer ata aproximadamente o 7%, manténdose así ata a actualidade (comezos do ano 2012). Neste sentido, á luz do escenario herdado, o comportamento da taxa de desemprego ao longo do tempo pode ser considerado como satisfactorio, cunha diminución de 13 puntos porcentuais, aliviando a difícil situación social que aínda viven nas zonas urbanas e nas rexións máis pobres (Jujuy, Salta ou Chaco, entre outras provincias do norte do país)<sup>11</sup>.

O comportamento do produto interior bruto (PIB) arxentino, elaborado con datos do INDEC e deflactado polo deflactor do IPC (Índice de Prezos ao Consumo) para o gran Bos Aires, mostrou unha recuperación ao longo dos anos 2000. Produciuse unha variación positiva de aproximadamente 3,25 veces entre 2010 e 2004, tras os difíciles anos da segunda metade da década de 1990. O mesmo ocorreu co comportamento do investimento bruto fixo na década de 2000. A súa traxectoria foi ascendente, marcada por unha recuperación máis visible no ano 2004, seguida por unha elevación inferior á tendencia que tivo lugar no período 2005-2009, ata situarse entre os anos 2010 e 2011 por riba da tendencia<sup>12</sup>. O PIB real *per cápita* aumentou, pasando aproximadamente de 8.386 a 32.787 pesos entre os anos 2001 e 2010.

A continuación, na gráfica 1 preséntanse os índices de utilización da capacidade xeral instalada no sector industrial arxentino ao longo dos anos 2000.

Se se considera unha utilización da capacidade instalada “normal” de aproximadamente o 80% do sector industrial<sup>13</sup>, pode considerarse que entre os anos

9 Véxase o anexo estatístico do *United Nations Developing Program 2009*, do Departamento Estatístico da ONU. <[http://hdr.undp.org/en/media/HDR\\_2009\\_EN\\_Complete.pdf](http://hdr.undp.org/en/media/HDR_2009_EN_Complete.pdf)>.

10 Véxase en <[www.indec.gov.ar](http://www.indec.gov.ar)> la sección *Empleo y Desempleo. Serie Histórica*.


11 Para máis información, véxase en <[www.indec.gov.ar](http://www.indec.gov.ar)> a sección antes citada.

12 Véxase <[www.indec.gov.ar/](http://www.indec.gov.ar/)>.

13 No ano 2006, dous anos antes da crise, a utilización da capacidade instalada nas economías norteamericana e brasileira era, por exemplo, de aproximadamente un 80%. Véxase: *Economic Report of the President* de 2011, táboa B-54 e <[www.ipeadata.gov.br/](http://www.ipeadata.gov.br/)>.

2003 e 2007 o crecemento arxentino foi relevante en parte por basearse nunha recuperación do uso de instalacións xa existentes<sup>14</sup>. Había un nivel desesperado dun 42% de utilización do sector industrial no ano 2002, un ano despois da desvalorización do peso. En sentido estrito, o país superou o 80% de utilización global da capacidade do sector industrial só en setembro de 2010, alcanzando un valor dun 79% en novembro de 2007.

**Gráfica 1.-** Utilización da capacidade instalada no sector industrial en Arxentina no período 2002-2011 (en %)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INDEC.

Cun nivel tan alto de desaproveitamento dos factores de produción no sector manufactureiro, non é estraño que coa modificación das políticas adoptadas e coa mellora do escenario exterior mediante a desvalorización do cambio a actividade recobrase alento: había unha grande infrautilización de maquinaria e de coñecementos previamente adquiridos que, naturalmente, incrementaba a eficiencia marxinal destes capitais. Esta recuperación foi un fenómeno importante no contexto de quebra e de ocupación dos mercados locais por produtos asiáticos, especialmente de consumo. En particular, os sectores de refino de petróleo e industrias metálicas recuperáronse de forma bastante máis rápida, alcanzando taxas superiores ao 90% a partir do ano 2007, o que constitúe un elemento importante para explicar a inflación arxentina dese período.

Así, a variación do produto no período 2003-2007 pode explicarse, por unha parte, polo gran baleiro de produción que deixaron as políticas dos anos noventa do pasado século e, por outra parte, por unha maior produción agrícola e gandeira tanto para as vendas nacionais como para as exportacións. Na táboa 3 poden observarse os cambios na composición sectorial do produto arxentino ao longo dos anos 2000.

Como se pode ver, a agricultura duplicou con creces a súa posición no produto arxentino, o que significou, entre outros aspectos, a reactivación do comercio exterior. A minería, logo dunha breve suba, volveu caer de novo ao final da década. E

<sup>14</sup> Véxase a serie *Utilización de la capacidad instalada en la industria* no ítem "Industria Manufacturera" do enderezo electrónico do INDEC.

a participación no PIB da Administración Pública, da educación e dos servizos sociais mantívose estable, mostrando unha menor elasticidade polo que respecta ás variacións do produto, cunha lixeira redución relativa no período 2002-2007. Esta diminución relativa foi compensada polo aumento de recadación, que permitiu incrementos absolutos que apoiaran os programas sociais mencionados anteriormente.

**Táboa 3.-** Composición do produto interior bruto de Arxentina, 2000-2010 (en %)

Anos	Agricultura	Industria	Minería	Ensinanza e servizos sociais	Administración Pública
2000	4%	16%	2%	6%	6%
2001	4%	16%	2%	6%	6%
2002	10%	20%	6%	5%	5%
2003	10%	22%	5%	5%	5%
2004	9%	22%	5%	5%	5%
2005	8%	21%	5%	5%	5%
2006	7%	21%	6%	5%	5%
2007	8%	20%	4%	5%	5%
2008	9%	19%	3%	6%	6%
2009	7%	20%	3%	6%	6%
2010	9%	19%	3%	6%	6%

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INDEC.

A análise de regresión lineal ( $Y = \alpha + \beta X$ ), cos principais compoñentes da demanda agregada ( $X$ ) explicando o comportamento do produto ( $Y$ ), proporcionou suxestións útiles, a pesar da grande autocorrelación dos erros dos residuos (baixos valores de Durbin-Watson). Na táboa 4 preséntanse os resultados de oito regresións para os períodos 1993-2003 e 2000-2010, onde o produto arxentino é explicado, por esta orde, polas exportacións, polo consumo privado, polo consumo público e pola formación bruta de capital fixo. Atrasouse un trimestre a variable explicativa en relación coa explicada para conseguir unha lectura máis dinámica.

Mediante a lectura das regresións relativas do comportamento económico pode observarse que entre os anos 1993 e 2003 o consumo privado sería o elemento que mellor explicaría o comportamento do produto ( $R^2 = 0,90$ ), cunha explicación irrelevante da formación bruta de capitais e cunha débil explicación dos investimentos públicos. Dedúcese que o escaso crecemento que a economía presentou naqueles anos estivo pouco relacionado cos investimentos produtivos, o que é un factor que explica o pobre desenvolvemento do país e a posterior crise.

É dicir, o crecemento alcanzado durante o *menemismo* tiña débiles bases de apoio, pois non proporcionaba un incremento neto das infraestruturas e dos medios de produción. O moderado poder explicativo das exportacións ( $R^2 = 0,71$ ) tamén confirma a dificultade de exportar pola que pasou o país neste período. A débil relación entre o consumo do Goberno e o crecemento do PIB ( $R^2 = 0,60$ ) suxire que os gastos daquel estiveron máis relacionados con outros factores (débeda externa, alto endebedamento, desvío de recursos) que cos elementos expansivos.

**Táboa 4.-** Resultados de regresións lineais,  $t$ -estatísticos e valores- $p$  para  $\beta$ . PIB como variable explicada ( $Y$ ) adiantada nun semestre. Arxentina, 1993-2003 e 2000-2010 (observacións en millóns de pesos correntes)

Resultados econométricos Regresións lineais ( $Y = \alpha + \beta X$ )			
1993-2003 44 observacións trimestrais		2000-2010 44 observacións trimestrais	
PIB $\times$ Exp. PIB = 236.965+1,24 EX $R^2 = 0,71$ DW = 0,75 Stat. $t = 10,38649$ Valor- $p = 0$	PIB $\times$ Cons. públ. PIB = 13.072+7,410 CPL $R^2 = 0,62$ DW = 0,76 Stat. $t = 8,45$ Valor- $p = 0$	PIB $\times$ Exp. PIB = 40.921+4,10 EX $R^2 = 0,94$ DW = 0,60 Stat. $t = 25,88$ Valor- $p = 0$	PIB $\times$ Cons. públ. PIB = 95.973+6,34 CPL $R^2 = 0,98$ DW = 0,36 Stat. $t = 48,11$ Valor- $p = 0$
PIB $\times$ FBCF PIB = 173.045+2,30 FBCF $R^2 = 0,23$ DW = 0,23 Stat. $t = 3,62$ Valor- $p = 0,000786$	PIB $\times$ Cons. públ. PIB = -674.022+1,82 CPR $R^2 = 0,90$ DW = 0,34 Valor- $p = 0$ Stat. $t = 20,0819$	PIB $\times$ FBCF PIB = 111.879+3,98 FBCF $R^2 = 0,97$ DW = 0,74 Stat. $t = 39,54$ Valor- $p = 0$	PIB $\times$ Cons. priv. PIB = -6.166,0+1,82 CPR $R^2 = 0,99$ DW = 2,36 Valor- $p = 0$ Stat. $t = 129,5$
NOTAS: EX: Exportacións; FBCF: Formación bruta de capital fixo; CPR: Consumo privado; CPL: Consumo público; DW = Estatístico Durbin-Watson; Stat. $t = t$ -estatístico.			

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INDEC (no enderezo do INDEC, véxase o cadro 9.1, "Oferta y demanda globales, valores trimestrales").

O período da Administración dos Kirchner presenta resultados distintos, aínda que a lectura dos valores das regresións só é unha suxestión, debendo ir acompañada doutros aspectos interpretativos debido á alta autocorrelación dos erros nos residuos (baixo valor de Durbin-Watson). Dados os resultados obtidos, a formación bruta de capital explicaría moito mellor as variacións no produto interior bruto ( $R^2 = 0,97$ ), o que só significaría que se volveu investir internamente. O comportamento das outras variables da demanda agregada tamén mostran bos compoñentes explicativos, xa que todos se relacionan positivamente (o  $t$ -estatístico é maior que o valor de referencia de 1,684 por 44-2 graos de liberdade ao 95% de significación). Isto traduciríase nun comportamento máis homoxéneo e equilibrado da economía no período.

Cómpre sinalar, así e todo, que o forte compoñente explicativo das exportacións suxire unha gran dependencia destas, diminuindo en gran medida a autonomía das políticas locais. En comparación, por exemplo, co Brasil, Arxentina ten un maior valor do comercio internacional en relación co produto (*trade to GDP ratio*, segundo a definición da Organización Mundial do Comercio), dependendo aínda máis de condicións internacionais favorables. A taxa de comercio con respecto ao produto interior bruto arxentino chega, segundo a Organización Mundial do Comercio, ao 41,3%, para o período 2008-2010 (Brasil ten unha taxa do 23,8% para o mesmo período)<sup>15</sup>. Polo tanto, non habería razón ningunha para rexeitar o gran compoñente explicativo do produto atopado nas exportacións.

<sup>15</sup> Véxase *Country Profile* en <www.wto.org>.

### 3.2. AGRICULTURA E GANDERÍA

Puechagut (2012, p. 9) afirmou que *“desde la caída del régimen de convertibilidad se registró un incremento prominente en la rentabilidad de la producción agrícola [argentina]. En una primera fase, este proceso estuvo asociado al sostenimiento de un tipo de cambio real elevado, mientras que desde el año 2007 el mantenimiento de los niveles de rentabilidad estuvo más bien determinado por una marcada elevación de los precios de los productos agrícolas en el mercado internacional”*. De feito, ao longo do período 2004-2009, a superficie sementada de cereais en Arxentina, así como a produción destes, presentou unha diminución total, cunha redución de produtos como, por exemplo, o trigo<sup>16</sup>. A superficie sementada de cereais no ano 2004-2005 alcanzou os 12,3 millóns de hectáreas, sendo de 10,7 millóns de hectáreas no ano 2005-2006, e de 11,7 millóns no ano 2006-2007. A colleita foi de 12,5 millóns no ano 2007-2008 e de 11,4 millóns no 2008-2009. As superficies sementadas de alpiste, avea, centeo e trigo diminuíron no período.

En particular, a superficie sementada de trigo pasou de 6,2 millóns de hectáreas no ano 2004-2005 a 4,7 millóns no 2008-2009. A produción global de cereais pasou de 12,3 millóns de toneladas no ano 2004-2005 a 11,7 millóns no ano 2006-2007. As oleaxinosas tiveron un incremento entre os anos 2004 e 2006, pasando de 40 a 51 millóns de toneladas, cun crecemento especialmente notorio da soia, cuxa colleita pasou dos 38 aos 46 millóns de toneladas (táboa 5).

**Táboa 5.-** Producción (en toneladas) e superficie sementada (1.000 hectáreas) de cereais seleccionados en Arxentina, 2004-2009

Colleita	Producción (en toneladas (1.000))									
	Total	Alpiste	Arroz	Avea	Cebada	Centeo	Millo	Paíño	Sorgo	Trigo
2004-2005	41.839,0	16,5	956,3	536,1	886,3	91,9	20.482	16,3	2.894,0	15.959
2005-2006	31.646,0	14,7	1.193,5	226,9	796,2	33,1	14.445	15,5	2.327,0	12.593
2006-2007	41.728,0	8,9	1.080,0	243,0	1.265,0	17,5	21.755	14,5	2.795,0	14.548
2007-2008	44.595,0	9,1	1.245,8	472,4	1.474,0	77,2	22.016	14,8	2.936,0	16.347
2008-2009	26.655,0	10,0	1.334,2	290,5	1.681,0	33,9	13.121	5,9	1.805,0	8.372
Colleita	Superficie recollida (en hectáreas (1.000))									
	Total	Alpiste	Arroz	Avea	Cebada	Centeo	Millo	Paíño	Sorgo	Trigo
2004-2005	10.216,2	15,4	158,9	291,3	270,7	62,5	2.783	9,4	558,0	6.066
2005-2006	8.554,9	13,3	169,0	148,2	265,2	28,7	2.447	9,8	497,6	4.975
2006-2007	9.644,9	8,6	164,6	138,0	335,8	14,8	2.838	10,2	594,4	5.540
2007-2008	10.687,2	10,2	182,5	224,2	416,3	38,7	3.412	10,5	618,6	5.774
2008-2009	8.096,7	11,1	193,8	211,8	570,1	33,6	2.353	3,4	456,5	4.263


FUENTE: INDEC.

<sup>16</sup> Para este produto, véxase a Sección de Agricultura en <www.indec.gov.ar>.

A relación entre a produción e a superficie cultivada de cereais en Arxentina, ou o nivel de produtividade do solo utilizado, flutuou de media de 4 a 3, sen unha tendencia clara durante o período. Certamente, a diminución da oferta de bens agrícolas representou, xunto coa desvalorización do peso, un factor importante na intensificación da inflación no ano 2009, que alcanzou o 10% ao ano. Tanto os cereais como as oleaxinosas, así como para o gando, os anos 2008 e 2009 non foron bos, reflectíndose neles os meses de paralización das actividades debido aos disturbios relacionados coa xa mencionada Resolución 125.

No sector gandeiro produciuse un aumento de 1,12 veces entre os anos 2003 e 2009 no sacrificio de porcos, vacas e ovelas. As exportacións creceron 0,86 veces entre ese mesmo período, e a produción para consumo interno creceu 1,14 veces –reflexo do crecemento do mercado laboral–. Tivo lugar un *trade off* entre as vendas externas e as locais, estas últimas de máis fácil realización debido á proximidade e aos custos loxísticos. Na gráfica 2 preséntanse as cotizacións das exportacións dos produtos seleccionados.

**Gráfica 2.-** Cotizacións dos produtos seleccionados no período 2000-2011 (en dólares por tonelada)



FONTE: Ministerio de Agricultura, Ganadería y Pesca de Argentina.

Polo que respecta ao cambio na lei de retencións, é razoable afirmar que os exportadores *perdieron* co mantemento da lexislación ata aquela vixente, que fora introducida por Néstor Kirchner anos antes (que estableceu un imposto do 35% sobre a soia). Mesmo coas recentes valoracións internacionais, nos anos 2009 e 2010 os valores totais de cobramento establecidos na táboa da Resolución 125 serían dificilmente alcanzados. No caso da soia, que implicaba o produto máis valioso do arancel, entre os anos 2008 e 2010 a súa cotización situábase entre os 400 e os 500 dólares por tonelada. É dicir, que aínda que o valor da soia se situaba por baixo dos 500 dólares por tonelada nos anos 2010 e 2011 –cunha tendencia á baixa debido ao empeoramento das condicións económicas internacionais–, as deducións fiscais reduciríanse a un 30% neste produto se a nova Resolución fose aprobada de acordo coa fórmula establecida. Mantendo o prezo da soia por baixo dos

500 dólares por tonelada, a perda dos exportadores implicados por non aprobar a Resolución foi de cinco puntos porcentuais, dada a lexislación vixente. Tal e como se mostra na gráfica 2, o patrón de flutuación era similar para outros produtos a finais da década, de modo que estas perdas para os exportadores non só afectaban á soia.

A produción agrícola argentina aproveitouse da extensión territorial para incrementar os volumes conseguidos cun menor esforzo produtivo de reutilización. Os datos relativos ao avance sobre áreas virxes e o aproveitamento do solo no curto prazo son postos de manifesto no documento *Sistema de indicadores de desarrollo sostenible*, da Secretaría de Ambiente y Desarrollo Sostenible argentina (2010). No dito documento indícase que no país desapareceron aproximadamente dous millóns de hectáreas de bosques autóctonos entre os anos 2002 e 2010. Os autores do informe sinalan que “*esta situación pone en evidencia que Argentina atraviesa uno de los períodos de deforestación más relevantes de su historia, provocada fundamentalmente por la conversión de tierras forestales en tierras de uso agrícola*” (p. 36)<sup>17</sup>. Por outra parte, a porcentaxe das áreas afectadas pola erosión hídrica e eólica aumentou aproximadamente un 1% no período 1990-2000, supoñendo o 21% do territorio total do país no ano 2000 (véxase a p. 41 e ss. do citado documento).

### 3.3. ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E MEDIOS DE PAGAMENTO

O abandono do *currency board* e a política de renegociación de aproximadamente un 70% da débeda pública externa, incluíndo maiores prazos de quita e menores xuros, aínda que tomados nas circunstancias coñecidas, facilitaron unha política de expansión do Goberno mediante a eliminación dunha parte importante da restrición externa no curto prazo ás políticas gobernamentais. En consecuencia, o Goberno de Néstor Kirchner conseguiu aplicar resultados xerais (incluídos os xuros) de superávit no nivel financeiro da Administración Federal no período 2003-2007. Os impostos federais debidos ao cobramento de dereitos de exportación case se triplicaron entre os anos 2003 e 2007, supoñendo o 11% dos ingresos do ano 2011.

De feito, os ingresos e os gastos reais creceron máis rapidamente que os xuros pagados. Observando estas contas, segundo sinala o INDEC, o importe dos xuros con respecto aos ingresos pasou do 11% no ano 2003 (era do 23% en 2000) ao 7% en 2004, de novo ao 11% en 2007 e ao 10% en 2008<sup>18</sup>. A participación do Goberno nos gastos de investimento real aumentou, pasando do 3% ao 5% entre os anos 2003 e 2008. O Goberno viu incrementarse o benestar dos empregados 3,5 veces entre os anos 2003 e 2008, mentres que o dos empregadores o facía 2,5 veces.

---


<sup>17</sup> Dispoñible en <<http://www.ambiente.gov.ar/?idseccion=217>>.

<sup>18</sup> Véxase *Niveles de Gobierno* en <[www.indec.ar.gov/](http://www.indec.ar.gov/)>.



A gráfica 3 recolle os gastos do Goberno nacional arxentino, segundo os datos proporcionados polo INDEC.

**Gráfica 3.-** Gastos do Goberno nacional arxentino, 2000-2010  
(en millóns de pesos correntes deflactados polo índice de prezos ao consumidor para o gran Bos Aires)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INDEC.

Como xa se viu anteriormente, ao longo dos anos 2000 os gastos do Goberno volveron relacionarse directamente co crecemento do produto, como se pode ver no incremento do  $R^2$ , que pasa de 0,62 a 0,91 nas ecuacións lineais estimadas. A diminución no valor de  $\beta$  tamén suxire que se alcanzaba o mesmo resultado na década de 2000 que na década de 1990 cun menor volume de gastos. O Fondo Monetario Internacional sinalaba no seu *Regional Economic Outlook-Western Hemisphere* (2011, p. 23) que na rexión latinoamericana “*highly expansionary macroeconomic policies in most countries [of Latin American] are stimulating demand and fueling inflation*”. Porén, segundo o informe do INDEC, a Administración de Néstor Kirchner mantivo superávits primarios durante todo o período de goberno (2003-2006), e só no ano 2009 o Goberno de Cristina Kirchner incorreu en déficit global. Por outra parte, como se observa na gráfica 4, a relación xuros/gastos diminuíu, con recadacións e gastos en alza ata o ano 2008.


De feito, desde os tempos como gobernador da provincia de Santa Cruz, Kirchner sempre insistira na necesidade de superávits das contas públicas, opinión mantida pola súa Administración e en parte pola súa esposa. A Administración de Cristina estabilizou e mesmo diminuíu a relación débeda pública/PIB, que era do 53% no ano 2008 e que diminuíu ao 42% no período 2008-2011. O pagamento da débeda pública alcanzou os 25 billóns de pesos no ano 2009 e 23 billóns en 2010. As asignacións por familia supoñían o 5% dos gastos correntes no ano 2008 e o 4% en 2009.

A partir do ano 2009, a economía contaxiouse do recesivo ambiente externo, diminuíndo os ingresos, seguidos moi de cerca polos gastos. Neste sentido, o Goberno de Cristina mostrouse conservador na administración dos gastos, reducíndoos ao calor da crise internacional, mentres que os gastos por xuros aumentaron debido ao vencemento de títulos BONAR, bonos PAR e *Discount*, letras do Tesouro

e doutros negociados na operación de *troco* xa mencionada<sup>19</sup>. Este incremento dos pagamentos foi responsable da falta de aforro do Goberno nestes dous anos, que incorreu en déficits globais cando a economía se desaceleraba. Ante a diminución dos ingresos, o Goberno diminuíu os gastos correntes e engadiu un peso negativo á demanda agregada, xa que as exportacións caeron en 15 billóns de dólares nos anos 2008 e 2009 (pasouse de 77 billóns de dólares a 50 billóns de dólares). O importe dos xuros pagados polo Goberno ao longo do ano 2003 diminuíu en relación cos ingresos, pasando do 11% no ano 2003 ao 7% en 2011.

Na gráfica 4 preséntase a base monetaria arxentina e algúns dos seus compoñentes ao longo dos anos 2000.

**Gráfica 4.-** Factores explicativos da base monetaria arxentina, 2000-2012 (en millóns de pesos correntes)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Banco Central de la República Argentina.

De acordo con estes datos do Banco Central, a política monetaria mantívose estable<sup>20</sup>. O agregado monetario *M1* mostrouse estable como proporción do produto, así como o *M2* e o *M3*. Tal e como se mencionou na introdución, a compra de divisas por parte do Banco Central aparece como o primeiro factor explicativo do crecemento da base monetaria. A participación do sector público para esta base foi negativa, debido aos superávits primarios obtidos ao longo dese período, aumentando de maneira significativa ata o ano 2007 e cunha diminución en 2008, cando o Banco Central vendeu dólares para evitar a presión sobre o peso como consecuencia da caída do volume exportador. Despois do ano 2008, a compra de divisas por parte do Banco Central diminuíu, coa excepción do ano 2010, cando ti-

19 "Con relación a los intereses (\$4.353,3 millones) el aumento verificado corresponde mayormente a la atención de los intereses de los títulos BONAR, de los bonos PAR y Discount, de las Letras del Tesoro, de los pagarés instrumentados en la operación de canje de los préstamos garantizados y los derivados de la operación de financiamiento con el Banco de la Nación Argentina", Resolución Conjunta de la Secretaría de Finanzas N° 31/09 y de la Secretaría de Hacienda N° 105/09 del Gobierno argentino, *Boletín Fiscal*, 4º trim. de 2009, p. 56. <<http://www.mecon.gov.ar/onp/html/boletin/4totrim09/4totrim09.pdf>>.

20 Para máis información, véxase o informativo *Radars*, do Banco Central de Argentina, así como as series históricas dispoñibles en <[www.bcra.gov.br/](http://www.bcra.gov.br/)>.

vo lugar o maior volume de compra do período 2003-2011, con 46.000 millóns de pesos inxectados no sistema financeiro. Coa estabilidade da base monetaria e dos superávits fiscais durante a década, obsérvase que o aumento da inflación neses anos está pouco relacionado con causas fiscais ou monetarias, explicándose mellor por unha mestura de compoñentes de cambio, oligopólicos, de oferta restritiva en puntos da cadea produtiva e da diminución da oferta agrícola<sup>21</sup>.

Estes datos suxiren en xeral un aumento da racionalidade na asignación dos gastos públicos, cos gastos correntes acompañando o nivel do produto á vez que se mantén o control da relación gastos/ingresos. Debido á idiosincrasia do proxecto político dos Kirchner, este aumento da racionalidade tamén implicou unha maior redistribución da riqueza local, en especial mediante a recuperación do poder do salario mínimo, o aumento dos impostos sobre o sector exportador e a *asignación universal por fillos*. Este último elemento da política social redistributiva implicaba asegurar un volume básico de consumo para as familias máis pobres, con obvias implicacións no aumento da demanda para a produción local mediante a redistribución dos excedentes para as familias cunha maior propensión a consumir. Estas medidas non impediron, con todo, que Arxentina continuase presentando unha alta taxa de concentración de renda.

Polo que respecta á recadación, o Goberno mantivo practicamente sen cambios as porcentaxes de cobramento nas distintas fontes de ingresos. Os impostos sobre a renda das persoas físicas (*ganancias das persoas físicas*) representaron o 6% do total recadado no período 2005-2010. No cómputo global, os impostos sobre os beneficios das compañías caeron desde un 12% ata un 9% no mesmo período. Á súa vez, os gravames alcanzaron o 8% do total recadado polo Goberno Federal, cun breve aumento do 11% no ano 2008. A maior porcentaxe de ingresos continuou sendo a dos impostos internos sobre bens e servizos, que presentaron unha lixeira diminución entre os anos 2005 e 2010, pasando do 32% ao 29%. Deste modo, tamén baixo o concepto de recadación, as Administracións dos Kirchner mostraron un discreto perfil<sup>22</sup>.

### 3.4. SECTOR EXTERNO

Neste apartado abórdanse aspectos relacionados coas transaccións internacionais arxentinas. Na táboa 6 resúmense as transaccións da balanza de pagamentos arxentina no período 2000-2010, a partir dos datos proporcionados polo INDEC. A recuperación da economía arxentina durante os anos 2000 explícase pola disminu-

---

21 Por exemplo, o secretario para Transportes, Jorge Schiavi, denunciou á compañía petrolífera anglo-holandesa Shell e a YPF (*Yacimientos Petrolíferos Nacionales*) no programa 6,7,8 do *Canal Siete* (Público) o 16 de xaneiro de 2012 por aumentos abusivos dos prezos dos combustibles básicos. Exemplificaba, con datos concretos, como os prezos en Arxentina están suxeitos á manipulación de grupos oligopólicos. As súas declaracións e os datos presentados poden atoparse no enderezo electrónico da dita canle <<http://www.tvpublica.com.ar/>>. Dada a estrutura oligopólica desa economía, o aumento de salarios é respondido xeralmente cun aumento das marxes do prezo.

22 Máis datos sobre a recadación poden atoparse no enderezo electrónico da Secretaría de Hacienda do Ministerio de Economía.

ción da restrición externa ao crecemento, mediante a renegociación da débeda externa, así como polo incremento dos saldos comerciais positivos, ao que contribuíu a desvalorización real do peso.

**Táboa 6.-** Contas seleccionadas da balanza de pagamentos arxentina, 2000-2010 (en millóns de dólares)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
CONTA CORRENTE	-8.955	-3.780	8.767	8.140	3.212	5.274	7.768	7.354	6.756	11.085	3.016
MERCADORÍAS	2.451,9	7.384,9	17.177,5	16.804,6	13.264,6	13.086,6	13.958,3	13.455,8	15.422,6	18.525,9	14.266,2
Export. FOB	26.341	26.543	25.651	29.939	34.576	40.387	46.546	55.980	70.019	55.672	68.134
Import. FOB	23.889	19.158	8.473	13.134	21.311	27.300	32.588	42.525	54.596	37.146	53.868
SERVIZOS	-4.284	-3.863	-1.460	-1.193	-1.331	-992	-501	-513	-1.284	-1.191	-962
Exportacións	4.936	4.627	3.495	4.500	5.288	6.634	8.023	10.363	12.156	11.038	13.112
Importacións	9.219	8.490	4.956	5.693	6.619	7.626	8.523	10.876	13.440	12.229	14.074
RENDAS	-7.522	-7.727	-7.491	-7.975	-9.283	-7.305	-6.150	-5.942	-7.552	-8.956	-9.942
<i>Rendas de investimentos</i>	-7.530	-7.731	-7.466	-7.950	-9.244	-7.254	-6.090	-5.870	-7.494	-8.887	-9.882
Xuros	-5.921	-7.473	-7.696	-7.317	-6.956	-3.359	-1.151	-629	-1.400	-2.260	-2.723
Crédito	6.431	4.689	2.653	2.615	2.818	3.238	3.993	5.072	4.205	2.140	1.680
Débito	12.352	12.162	10.349	9.932	9.774	6.598	5.143	5.701	5.605	4.400	4.403
<i>Ganancias e dividendos</i>	-1.609	-258	230	-633	-2.287	-3.895	-4.939	-5.241	-6.094	-6.627	-7.159
Crédito	978	635	350	451	861	1.023	1.638	1.487	1.324	1.292	941
Débito	2.588	893	120	1.084	3.149	4.917	6.577	6.728	7.418	7.919	8.100
Outras rendas	8	4	-25	-26	-39	-51	-60	-72	-58	-69	-60
TRANSFERENCIAS CORRENTES	399	424	540	504	561	484	459	353	170	2.706	-346
CONTA CAPITAL E FINANCEIRA	8.732	-5.442	-11.404	-3.173	1.574	3.472	-5.401	6.680	-7.809	-9.330	3.858
CONTA CAPITAL	106	157	406	70	196	89	97	121	181	74	78
Activos non fin.	106	157	406	70	196	89	97	121	181	74	78
Conta financ.	8.626	-5.598	-11.810	-3.243	1.378	3.383	-5.498	5.559	-7.990	-9.404	3.780
Sector bancar.	67	11.588	-2.573	-3.001	-3.097	-4.356	-10.508	1.583	1.733	-986	-2.566
BCRA	762	10.743	-1.808	-868	-1.990	-2.922	-10.400	1.493	1.823	-1.404	-2.910
Outras ent.fin.	-695	845	-765	-2.133	-1.107	-1.434	-108	90	-90	417	344
<i>Sector público non financeiro</i>	8.253	-3.388	3.618	4.641	4.974	3.428	3.437	2.404	-517	-732	2.243
Goberno nacional(2)(3)	7.409	-2.926	3.683	4.739	5.043	3.344	2.957	2.158	-298	-632	520
Gob. locais	1.276	-59	237	167	191	334	809	448	-102	-65	1.784
Empr. e outros	-433	-404	-302	-265	-260	-251	-329	-202	-117	-35	-61
<i>Sector privado non financeiro</i>	305	-13.798	-12.856	-4.882	-499	4.311	1.573	1.572	-9.206	-7.685	4.103
ERROS E OMISIÓN	-216	-2.861	-1.878	-1.387	533	111	1.163	63	1.062	-409	-2.717
VAR. RESERVAS INTERNACIONAIS	-439	-12.083	-4.516	3.581	5.319	8.857	3.530	13.098	9	1.346	4.157
Reserv. intern. BCRA	-424	-12.005	-4.437	3.643	5.527	8.431	3.960	14.139	210	1.582	4.222
	15	79	79	62	208	-426	430	1.041	201	225	65

FONTE: INDEC.

O débil funcionamento do sector externo arxentino resumía as deficientes políticas da década anterior aos anos 2000, sobre todo polo alto endebedamento en dólares e por unha elevada relación débeda/exportacións. A balanza por conta co-

rente dos pagamentos arxentinos acumulou saldos negativos entre os anos 1992 e 2001, mostrando que o *currency board* non era viable<sup>23</sup>. A desvalorización do tipo de cambio, a renegociación dos pagamentos da débeda externa e a mellora do escenario internacional ata o ano 2008 supuxeron un cambio fundamental para a balanza de pagamentos arxentina. O saldo comercial pasou de 2.000 millóns de dólares no ano 2000 aos 17.000 millóns no 2002. No ano 2003 chegou aos 16.000 millóns e despois non volveu situarse por baixo dos 13.000 millóns, aparecendo un escenario distinto ao da década de 1990.

O fluxo das exportacións arxentinas estaba formado por saldos relativos moi baixos cando menos desde o ano 1992. Desde finais do ano 1998 as exportacións arxentinas mantivéronse relativamente baixas en comparación coas importacións, con dificultades para crecer. No período 1997-2002, as exportacións mostraron os seguintes resultados: 26,4 miles de millóns de dólares no ano 1998; 23,3 miles de millóns en 1999; 26,3 miles de millóns en 2000; e 26,5 miles de millóns en 2001. A desvalorización do real no ano 1999 afectou de forma importante ás vendas arxentinas, sobre todo porque o país acumulaba saldos negativos na conta corrente cando menos desde o ano 1992 e, coa excepción dos anos 1995 e 1996, tamén na balanza comercial. Despois do ano 2001, a situación mellorou, producíndose superávits na conta corrente e un aumento importante das exportacións. As vendas ao exterior pasaron dos 2,400 millóns de pesos no ano 2000 a 17.000 millóns no ano 2003, estabilizándose preto dos 15.000 millóns a partir desa data e ata o final da década.

No ano 2011, Brasil era o destino do 21,2% das exportacións arxentinas, seguido pola Unión Europea cun 16,4% e por China cun 8,5%<sup>24</sup>. A lista estaba composta principalmente de produtos primarios e de bens industriais derivados dos alimentos. A desvalorización do peso e o aforro de divisas permitiron un crecemento dunha moeda forte sen a cal a expansión do produto e do mesmo comercio exterior tería atopado obstáculos. O aumento nas vendas ao sueste asiático, a Europa e a Brasil axudou nos termos de intercambio (E/I), que supuxeron un valor de 3,03 no ano 2003, despois de permanecer por baixo de 1 na maior parte da década de 1990. Mantivéronse nunha media de 1,5 nos anos 2000.

Como xa se sinalou, o movemento exportador arxentino beneficiouse da desvalorización do peso. Pero, cal foi a depreciación real da moeda fronte ao *real* e ao *dólar*, as dúas principais moedas de referencia para o comercio exterior do país? Unha estimación da taxa real de cambio en Arxentina preséntase na táboa 7<sup>25</sup>.

23 Véxanse varios cadros do *Balance de pagos* na *Sección de Estadísticas* de <www.indec.gov.ar/>.

24 Véxase *Country Profile* na Organización Mundial do Comercio <www.wto.org>.

25 O cálculo da taxa real de cambio realizase mediante a fórmula  $E = e P' / P$ , onde  $E$  é a taxa de cambio real;  $e$  é a taxa de cambio nominal;  $P'$  é o nivel de prezos do país estranxeiro; e  $P$  é o nivel de prezos domésticos. Para Brasil, utilízase o IPCA (*Índice de Preços ao Consumidor Amplo*) anual, proporcionado polo IPEA (Instituto de Pesquisa Econômica Aplicada–Governo Federal do Brasil); para Arxentina, o IPC (*Índice de Precios al Consumidor* para o gran Bos Aires); para Estados Unidos o *Economic Report of the President* (2011), táboa B-63, anexo estatístico *Changes in Special Consumer Prices Indexes, All Items*. As taxas nominais de cambio anual foron proporcionadas polo Banco Central de Arxentina.

**Táboa 7.-** Taxas de cambio nominais e estimación de taxas reais en Arxentina no período 2000-2010

Anos	Peso/Dólar nominal	Inflación Arxentina	Inflación EE.UU.	Taxa real	Peso/Real nominal	Inflación Arxentina	Inflación Brasil	Taxa real
2000	1,00	0,91	1,03	1,13	0,99	0,91	1,05	1,14
2001	1,00	0,89	1,06	1,19	0,99	0,89	1,07	1,19
2002	3,49	1,25	1,02	2,85	3,06	1,25	1,12	2,74
2003	2,96	1,39	1,09	2,32	2,90	1,39	1,09	2,27
2004	2,97	1,02	1,03	3,00	2,92	1,02	1,07	3,06
2005	3,01	1,07	1,03	2,90	2,90	1,07	1,05	2,85
2006	3,06	1,12	1,02	2,79	3,05	1,12	1,03	2,80
2007	3,13	1,09	1,04	2,99	3,09	1,09	1,04	2,95
2008	3,42	1,08	1,00	3,17	3,14	1,08	1,05	3,05
2009	3,80	1,08	1,02	3,59	3,70	1,08	1,04	3,56
2010	3,97	1,10	1,05	3,79	3,80	1,10	1,05	3,63

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INDEC, do Banco Central da República Arxentina, do Banco Central de Brasil, e do *Economic Report of the President* para Estados Unidos (2011).

Percíbese unha depreciación real de 3,35 veces con respecto ao dólar e de 3,18 veces polo que se refire ao real. A taxa de cambio nominal coa moeda de Estados Unidos a principios do ano 2002 chegou a superar inicialmente o valor de 1 peso e 60 centavos por dólar. Unha desvalorización de nada menos que un 60%. Esta desvalorización inicial agudizouse en maio deste ano debido a un novo aumento aínda maior do prezo do dólar, que chegou a situarse en 3 pesos (unha desvalorización do 300%! ). Houbo unha recuperación temporal, chegando a 2,93 pesos por dólar ao longo do ano 2003. Posteriormente, estabilizouse temporalmente en 3,10 nos anos seguintes. Desde o ano 2008, o peso sufriu unha nova desvalorización nominal, situándose a taxa de cambio no rango dos valores comprendidos entre 3,71 e 3,90 de media. No ano 2011 chegou a 4,10 dólares como valor medio.

Á súa vez, a paridade real do peso con respecto ao real brasileiro aproximouse á taxa nominal na década de 2000, debido a que a inflación brasileira era máis alta que a de Estados Unidos. Coa excepción do ano 2004, a inflación arxentina superou a brasileira en case todos os anos desa década. Logo da desvalorización do peso coa fin do *currency board*, a inflación arxentina chegou a ser aproximadamente do 39% anual no ano 2003, chegando a un 2% en 2004, un 7% en 2005, un 12% en 2006, e oscilando entre un 8% e un 11% a partir daquela, a diferenza da inflación brasileira, que flutuou, con excepción do ano 2002, entre o 9% e o 4%, segundo o IPCA brasileiro.

Polo que respecta ás outras transaccións correntes, o importe dos xuros pagados ao estranxeiro diminuíu despois da moratoria do ano 2001, pasando de 12.000 millóns a 10.000 millóns de dólares nos anos 2001 e 2002. Caeron de 9.000 a 6.000 millóns de dólares no período 2002-2005, manténdose en aproximadamente 4.000 millóns a partir do ano 2009. Un aumento nas exportacións xunto cunha reestruturación da débeda externa e, en consecuencia, cunha dimi-



nución dos xuros pagados permitiu un alivio en divisas (principalmente o dólar) e a recuperación do poder adquisitivo no exterior.

Á súa vez, como se pode ver en relación coas rendas, os gastos por xuros diminuíron substancialmente durante a década, pasando dos 12.000 millóns no ano 2000 a aproximadamente 9.000 millóns en 2004 e a 5.000 millóns en 2008, finalizando a década cun total de aproximadamente 4.000 millóns pagados, isto é, aproximadamente o 30% do valor no ano 2001. A recuperación do movemento acumulado xunto cun aumento nos envíos de beneficios e dividendos ao exterior, que no ano 2003 se situaban en 120 millóns de dólares e que chegou a 3.000 millóns en 2004, tivo o seu máximo en 2009, con máis 7.000 millóns enviados ao exterior. Polo tanto, tivo lugar unha relación positiva entre a actividade económica interna e os envíos internos de rendementos ao exterior.

A pesar da renegociación da débeda externa e da continuación das exportacións e do crecemento doméstico, os mercados internacionais de capitais continuaron remisos a realizar investimentos en Arxentina, como se pode ver na conta de capital da balanza de pagamentos. A situación entre os anos 2001 e 2003 foi de feito bastante crítica en relación cos investimentos estranxeiros no país, cun saldo negativo acumulado de aproximadamente 20.000 millóns de dólares. Isto é destacable polo nivel de atracción de investimento estranxeiro na década de 1990, cando Arxentina parecía ser o exemplo de maior éxito das políticas da *dolarización* na rexión latinoamericana. No ano 2004, o país recibiu só 1,3 millóns de dólares, aumentando a 3,3 millóns no ano seguinte. Non obstante, no ano 2005 prodúcese de novo un saldo negativo de 5,5 millóns, que se repetirá tamén nos anos 2008 e 2009. Os conflitos agrarios, a inestabilidade política creada polos sectores conservadores e a existencia dun Goberno con políticas máis autónomas son, sen dúbida, elementos que explican a pouca vontade dos investidores internacionais en aplicar recursos en Arxentina.

#### 4. BALANCE

Pang (2002, p. 121) afirmou a principios da década de 2000 que Arxentina, *“the most flamboyantly neoliberal country in Latin America during the 1990s, will be the first to turn its back on globalization and its accompanying consequences”*. Referíase á crítica situación que o país estaba atravesando e á imposibilidade de levar a cabo as mesmas políticas de *sound macroeconomic fundamentals*. A avaliación talvez fose demasiado radical, pois Arxentina continúa, máis de dez anos despois do plan de convertibilidade, cunha economía aberta ao comercio e aos investimentos internacionais; pero é innegable que o patrón de políticas levadas a cabo por Domingo Cavallo, ministro de Economía durante a maior parte do Goberno de Menem, foi abandonada, sobre todo despois da elección de Néstor Kirchner.

As Administracións de Néstor e de Cristina Kirchner durante a década de 2000 buscaron un comportamento máis intervencionista e nacionalista da política eco-



nómica, marcando unha diferenza coas políticas vixentes nos anos noventa do pasado século. Porén, mantivéronse superávits das contas públicas durante case todo o período e recomezaron as relacións cos investidores internacionais mediante a regularización das débedas do Goberno. Gobernando baixo críticas tanto da dereita como da esquerda, e tendo herdado un escenario de desindustrialización, perseguiron un discurso de valoración do “nacional”, obtendo altas taxas de crecemento nunha contorna de crecemento tamén rápido da inflación.

Que conclusións se poden sacar a partir da experiencia de recuperación arxentina? En primeiro lugar, que unha parte importante da recuperación significou reactivar recursos ociosos na economía polas políticas anteriores ao período 2001-2003. Como xa se comentou, ata hai pouco tempo a economía do país tiña dificultades para conseguir un uso máis satisfactorio da maquinaria e da man de obra dispoñibles. Non obstante, como demostran os datos dalgúns sectores específicos, a utilización da capacidade instalada non só depende da súa existencia anterior, senón dunha serie de factores que poderían resumirse nos seguintes: a) a recuperación da capacidade fiscal e, polo tanto, do gasto estatal a través da renegociación da débeda externa; b) o emprego da mellora fiscal para fins expansivos; c) a desvalorización do peso, o que incrementou as exportacións; e d) unha contorna externa favorable ás *commodities*.

As políticas adoptadas axudaron a recuperar condicións máis favorables para os investimentos mediante programas de transferencia de renda e investimentos públicos, xerando efectos multiplicadores naturais no sector privado. Neste contexto, o crecemento da inflación pode explicarse por factores relacionados coa desvalorización cambiaria, coas restricións á oferta de produtos agrícolas, así como pola estrutura oligopólica en diferentes puntos da cadea de produción. A inflación arxentina é unha consecuencia inevitable do modelo de crecemento adoptado; mesmo podería deducirse, en termos keynesianos, que é un mal menor.

A finais da década de 1990, a situación da economía arxentina era grave. A política de *currency board* e o endebedamento internacional levaran a unha situación de grandes perdas. O desemprego situábase en taxas oficiais de aproximadamente o 20%. O valor do cambio non tiña correlación coas necesidades de exportación da economía. O orzamento do Estado estaba inmovilizado debido aos compromisos dos sucesivos endebedamentos, desviándose os recursos da privatización para os pagamentos de altos xuros e descontos nos servizos sociais. O Estado estaba endebedado e con pouca marxe de manobra nas decisións de investimento, logo de ter vendido todos os seus activos produtivos –certamente, un dos aspectos máis negativos da política *menemista*–. O maior socio comercial do país –Brasil– desvalorizou a súa moeda no ano 1999. O aumento da pobreza era visible nas rúas do país e os brotes de axitación social creceron.

Neste escenario de sucesivos desinvestimentos non *era evidente* que a industria e a economía como un todo puideran recuperarse. Non era só que o capital estivera “inactivo” e “teoricamente” preparado para unha reactivación de marxes de rendibilidade, senón que era todo un grupo de variables macroeconómicas as

que estancaron a reactivación: o tipo de cambio valorado, os sucesivos recortes no orzamento federal, un escaso ambiente de crecemento internacional ata o ano 2003, a desmotivación da man de obra, as incertezas en canto ás decisións de investimentos privados, etcétera. Nun escenario de acumulación de desinvestimentos produtivos nunca está claro onde se sitúa o punto máis baixo do ciclo, e este punto pode reducirse se se aplican novas medidas recesivas. Observando o perfil do produto arxentino, este punto podería ser o ano 1999 ou o ano 1998, ou o ano 2000 ou o ano 1999, ou o ano 2001 ou o ano 2000, ou mesmo o ano 2002 ou o ano 2001. De feito, a economía só comezou a recuperarse a partir do ano 2003.

As Administracións de Néstor e de Cristina Kirchner presentaban algunhas deficiencias inevitables, como unha crenza demasiado optimista nos méritos e na capacidade do empresariado local. Á súa vez, a postura do Goberno durante a crise do ano 2008 podería ter sido demasiado conservadora ou moi optimista. No ámbito dos recursos físicos, Arxentina experimentou un aumento das taxas de empobrecemento da terra, converténdose a súa extensión territorial nunha vantaxe para a ampliación extensiva da produción mediante o aumento da superficie cultivada. A pesar da estabilización das emisións de gases de efecto invernadoiro no período 1997-2003 e da estabilización da xeración de residuos por habitante (Departamento de Medio Ambiente y Desarrollo Sustentable, 2010, p. 69), a taxa de reciclaxe de residuos sólidos urbanos é dun escaso 2,5% para o ano 2009. Carécese dun programa nacional de reciclaxe de residuos, así como das industrias que se desenvolven arredor da reciclaxe, utilizándose amplamente o petróleo para o consumo e cunha tendencia á alza das emisións de CO<sub>2</sub> derivadas deste feito. Isto é particularmente notable pola dimensión urbana e polas capacidades existentes na capital do país, unha das zonas máis densamente poboadas do mundo.

O agravamento da situación da balanza de pagamentos a finais do ano 2011 levou ao Goberno a unha política de endurecemento das trabas á importación, política esta que, a pesar de que teña certos méritos dentro dun ámbito de substitucións internas, pode dar lugar a situacións non permitidas polo Mercosur. Por outro lado, aínda que a recuperación da economía poida ser parcialmente entendida no contexto da gran capacidade ociosa de finais dos anos noventa do pasado século, a activación das antigas instalacións tamén depende da aplicación de medidas correctas en termos de política económica, en particular a desvalorización cambiaria, a reactivación do papel do Estado e a distribución dalgúns ingresos. Neste sentido, en liñas xerais pode considerarse como acertada a política económica do Goberno no período.

A pesar deste escenario máis alentador, a economía arxentina enfróntase a unha serie de elementos desestabilizadores. A xulgar polos datos proporcionados polas Nacións Unidas, o país segue cunha das peores distribucións de renda do mundo, e cun gran desemprego encuberto. Isto, obviamente, representa un importante obstáculo á actuación do efecto multiplicador.

Os anos de baixa creación de emprego<sup>26</sup> fixeron crecer a criminalidade e o traballo informal, así como outros problemas sociais –mesmo coa implicación das autoridades–. Hai un elevado compoñente de desnacionalización no equipo produtivo e unha importante exposición de bens finais para o comercio internacional –seguindo así o patrón das taxas establecidas no ámbito do Mercosur–. Porén, a resistencia dos sectores opostos a unha maior intervención correctora do Estado dificulta a aplicación de políticas correctas. A miúdo, a aplicación destas políticas vese ensombrecida por unha visión excesivamente de curto prazo e delineada por ópticas non exactamente económicas, como cando tivo lugar a reacción dos sectores agroexportadores á denominada Resolución 125, que prevía un cambio nos aranceis de exportación, flexibilizándoos na alza e na baixada do ciclo. A súa desaprobación deu lugar a perdas *para todos* nos anos 2009 e 2010: menores colleitas debido á paralización, maior inflación, maior imposto fixo que pagar polas exportacións dada a cotización do momento, etcétera. A loita por manter as deducións adicionais do 4% da soia (e doutros grans) no momento da alza perdeuse rapidamente pola caída da cotización das *commodities* a partir do ano 2009, en ausencia da aplicación da nova resolución.

Así, no contexto arxentino ten lugar a curiosa situación de que moitos agroexportadores, pequenos empresarios e un importante grupo das clases medias apoien con entusiasmo medidas de internacionalización e apertura, mentres que ven con reserva as políticas distributivas, aínda que estas favorezan indirectamente o ambiente dos “negocios”. Estes sectores con máis recursos saben que no curto prazo unha política distributiva incide nos seus ingresos, e de aí a resistencia. O proxecto político *kirchnerista*, inspirado polo ideario estruturalista, e cuxo equipo económico reúne a economistas de cariz keynesiano, enmarcouse nun intento de reverter algunhas destas limitacións. Non poderían saír de todo vitoriosos, dadas as difíciles relacións entre a política e a economía en Arxentina, e sobre todo debido á resistencia dos sectores de rendas máis altas a renunciar a unha parte dos seus recursos a favor dos intereses colectivos.

O agravamento da crise internacional actual (2008-2012), cunha redución dos saldos comerciais arxentinos, contribúe a dificultar a repetición da experiencia de crecemento dos anos 2000, deixando para futuras políticas profundar nos espazos internos para o crecemento.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARGENTINA. BANCO CENTRAL DE LA REPÚBLICA ARGENTINA. Buenos Aires: BCRA. <www.bcra.gov.ar>.
- ARGENTINA. INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA Y CENSO. Buenos Aires: INDEC. <www.indec.gov.ar>.

---

26 Piñeiro (2011, p. 125) afirmou: “Tras seis años de crecimiento económico récord en el país, los problemas de empleo visibles abarcaban aún a una parte muy importante (más del 15%) de la población económicamente activa de los principales aglomerados de Argentina”.

- ARGENTINA. MINISTERIO DE AGRICULTURA, GANADERÍA Y PESCA. Buenos Aires: Ministerio de Agricultura, Ganadería y Pesca. <<http://www.minagri.gob.ar>>.
- ARGENTINA. MINISTERIO DE ECONOMÍA Y FINANZAS PÚBLICAS (2005): *Comunicado de prensa para divulgación inmediata de 18 de marzo de 2005. La Argentina anuncia el resultado exitoso de la oferta de canje*. Buenos Aires: Ministerio de Economía y Finanzas Públicas. <[http://www.mecon.gov.ar/finanzas/sfinan/documentos/comunicado\\_18\\_marzo\\_castellano.pdf](http://www.mecon.gov.ar/finanzas/sfinan/documentos/comunicado_18_marzo_castellano.pdf)>.
- ARGENTINA. MINISTERIO DE ECONOMÍA Y FINANZAS PÚBLICAS (2009): *Decreto 1602/2009, de 29 de octubre de 2009. Asignaciones familiares. Incorpórase el subsistema no contributivo de asignación universal por hijo para protección social*. Buenos Aires: Ministerio de Economía y Finanzas Públicas. <<http://www.infoleg.gov.ar/infolegInternet/anexos/155000-159999/159466/norma.htm>>.
- ARGENTINA. MINISTERIO DE ECONOMÍA Y FINANZAS PÚBLICAS (2010): *Boletín Fiscal*, 4º trim. de 2009. Buenos Aires: Ministerio de Economía y Finanzas Públicas, Secretaría de Hacienda. <<http://www.mecon.gov.ar/onp/html/boletin/4totrim09/4totrim09.pdf>>.
- ARGENTINA. MINISTERIO DE ECONOMÍA Y FINANZAS PÚBLICAS (2012): *Tributos vigentes en la República Argentina a nivel nacional*. Buenos Aires: Ministerio de Economía y Finanzas Públicas, Secretaría de Hacienda. <[http://www.mecon.gov.ar/sip/dniaf/tributos\\_vigentes.pdf](http://www.mecon.gov.ar/sip/dniaf/tributos_vigentes.pdf)>.
- ARGENTINA. MINISTERIO DE ECONOMÍA Y PRODUCCIÓN (2008): *Resolución 125/2008, de 10 de marzo de 2008. Derechos de exportación. Fórmula de determinación aplicable a determinadas posiciones arancelarias correspondientes a cereales y oleaginosas*. Buenos Aires: Ministerio de Economía y Producción. <<http://www.infoleg.gov.ar/infolegInternet/anexos/135000-139999/138567/texact.htm>>.
- ARGENTINA. SECRETARÍA DE AMBIENTE Y DESARROLLO SUSTENTABLE DE LA NACIÓN (2010): *Sistema de Indicadores de Desarrollo Sostenible*. Buenos Aires: Secretaría de Ambiente y Desarrollo Sustentable de la Nación. <<http://www.ambiente.gov.ar>>.
- BAPTISTA JR., P.N. (2002): "Argentina: uma crise paradigmática", *Revista de Estudos Avançados*, 16 (44) (Janeiro-Abril), pp. 83-96.
- BASUALDO, E. (2008): "El agro-pampeano: sustento económico y social del actual conflicto en Argentina", *Cuaderno del Cendes*, 25 (68), pp. 29-54.
- BETHELL, L. [ed.] (1993): *Argentina Since Independence*. Cambridge: Cambridge University Press.
- BETHELL, L. [ed.] (1999): *Cambridge History of Latin American. Volume VIII. Latin America Since 1930 – Spanish South America*. Cambridge: Cambridge University Press.
- BRASIL. PRESIDÊNCIA DA REPÚBLICA. SECRETARIA DE ASSUNTOS ESTRATÉGICOS. INSTITUTO DE PESQUISA ECONÓMICA APLICADA: *IPEData*. Brasília/Rio de Janeiro: IPEA. <[www.ipeadata.gov.br](http://www.ipeadata.gov.br)>.
- CANO, W. (1999): *Soberania e Política Econômica na América Latina*. Campinas: Universidade de São Paulo.
- CONDE, R.C. (2009): *The Political Economy of Argentina in the Twentieth Century*. New York, NJ: Cambridge University Press.
- FERRER, A. (2010): *La economía argentina, desde sus orígenes hasta principios del siglo XXI*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.
- FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (1996): *IMF Approves Stand-By Credit for Argentina*. (Press Release, 96/15). Washington DC, WA: FMI. <[www.imf.org](http://www.imf.org)>.
- FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (2011): *Regional Economic Outlook – Western Hemisphere*. Washington DC, WA: FMI.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL COMERCIO. Ginebra: OMC. <[www.wto.org](http://www.wto.org)>.

- PANG, E.S. (2002): *The International Political Economy of Transformation in Argentina, Brazil and Chile Since 1960*. London: Palgrave MacMillan.
- PIÑEIRO, S.P. (2011). "Crecimiento económico y trabajo en la Argentina post-devaluación. Una aproximación empírica para la medición de los problemas de empleo", en: *Construyendo la investigación social: artículos seleccionados de las V Jornadas de Jóvenes Investigadores del Instituto de Investigaciones Gino Germani/Diego Domínguez*. Buenos Aires: CLACSO/Instituto Gino Germani.
- PUECHAGUT, M.S. (2012): "Expansión y rentabilidad agrícola en la posconvertibilidad", *Voces en el Fénix*, 3 (12), pp. 8-13.
- SOUZA, L.E.S (2007): *Arquitetura de uma Crise – História e Política Econômica na Argentina, 1989-2002*. (Tese de doutoramento). São Paulo: Universidade de São Paulo.
- U.S. GOVERNMENT PRINTING OFFICE (2012): *Economic Report of the President 2011*. Washington DC, WA: U.S. Government Printing Office.